

Fronte aos ataques do PP

A NOSA FORZA ESTÁ NAS RÚAS





En defensa dos nosos dereitos lingüísticos

VEN DA CONTRAPORTADA

Pola contra, só o 7% da poboación entre 5 e 14 anos asegura falar sempre en galego, chegando esta cifra ao 11,9%, para as persoas entre 15 e 29 anos, o que representa un descenso de 8,2 e de 6,6 puntos en relación a 2008. A comunicación en galego entre estudantes de ensino obrigatorio menores de 17 anos pasou en 20 anos do 26,22% ao 4,65%, mentres a comunicación exclusiva en castelán está no 47,35%. Pero non é só o uso, é o descoñecemento total. 70.891 mozos entre 5 e 14 anos (o 32,4%) recoñeceron en 2023 a súa imposibilidade para expresarse en galego, un incremento de máis do 110% en relación a 2008! Se non paramos xa esta ofensiva salvaxe, o futuro dos nosos dereitos lingüísticos será a súa desaparición.

Este é o resultado das políticas educativas do PP, especialmente da aplicación do decreto de plurilingüismo imposto pola Xunta de Núñez Feijóo, que entrou en

vigor en 2010 e impide a existencia de liñas públicas de ensino íntegro en galego ademais de prohibir o uso do galego nas aulas para impartir Matemáticas en Primaria, e Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía en Secundaria. Ademais, o cento por cento dos materiais educativos das escolas infantís das cidades está en castelán, mentres só o 9% delas utiliza maioritariamente o galego. É dicir, na idade en que as nenas e nenos comezan a falar, o galego está ausente.

Manipulación e racismo sen límites

Conscientemente, e en liña cos ataques á educación pública, está a levarse a cabo un progresivo desprazamento do galego no resto dos servizos públicos, tamén na diana do Goberno de Rueda.

A Televisión Pública Galega é un bo exemplo disto. Os e as traballadoras da

TVG están a levar adiante unha loita admirable, con meses de paros e folgas contra a privatización dos servizos e denunciando a manipulación informativa cada venres negro. Agora o PP propón o uso do castelán na única televisión pública que manexa ao seu antollo. Con estas políticas o raro sería que o galego non estivese en caída libre.

A manipulación é a protagonista tamén da sondaxe de “percepción social do galego” que “pouco despois de coñecerse os datos do IGE” a Xunta encargaba á empresa privada Sondaxe (propiedade do mesmo grupo que *La Voz de Galicia*, voceiro do PP)*. Segundo este “estudo”, realizado supostamente cunha mostra de 1.200 entrevistas fronte aos 9.000 fogares enquisados polo IGE, os resultados son xusto os opostos: “94,5% dos pais afirman que os seus fillos saben falar galego” e, ante a pregunta de se existe algún idioma “discriminado”, a respos-

ta é que “unha ampla maioría considera que non, e esta maioría mantense entre as persoas que empregan habitualmente o galego, entre as que o fan co castelán, ou en ambas as linguas”.

Por se isto fose pouco, e a pesar de que a Xunta non tivo máis remedio que recoñecer a caída no número de galego-falantes, no máis puro estilo clasista e racista a que nos teñen afeitados, o secretario xeral de Política Lingüística aseguraba que “a poboación procedente do exterior é un dato moi importante que inflúe directamente no incremento de castelán-falantes”. É dicir, que a culpa do retroceso do galego non é das políticas do Goberno do PP, senón das persoas migrantes!

Hai que derrotar as agresións do PP ao galego e os servizos públicos nas rúas

Unha lingua que foi capaz de sobrevivir a persecución da ditadura franquista está hoxe ameazada de converterse en residual nun futuro non moi afastado polos mesmos que a prohibiron entón, que sempre a desprezaron, e que quixeron facer que o pobo galego sentise vergoña polo seu empeño en mantela viva.

Fronte a estes defensores da *España unha, grande e libre*, a defensa do uso e do coñecemento do galego pasa polo mesmo que a defensa de todos os dereitos da nosa clase: a loita e a organización.

Ningún pacto cos que atacan o galego vai conseguir revertir esta situación. A nosa forza está nas rúas e de aí a importancia da gran manifestación convocada pola Plataforma *Queremos Galego!* en Compostela este 17 de maio, Día das Letras Galegas. Ese día encheremos as rúas en defensa dos nosos dereitos lingüísticos, por unha oferta cultural pública e accesible que promocioe a nosa lingua, contra as políticas da Xunta e para esixir a derogación inmediata do decreto do plurilingüismo, un ensino público 100% en galego e por uns servizos públicos de calidade con atención en galego garantida.

* *La Xunta encarga a una empresa privada un sondeo que contradice los datos sobre el gallego del instituto estadístico oficial* (eldiario.es, bit.ly/44yM0Fd).

Basta de represión ao movemento estudantil!

Solidariedade coas 7 de SOMOSAGUAS!



O 24 de marzo, sete estudantes, na súa maioría militantes de Contracorriente e do Sindicato de Estudantes foron citados pola policía para declarar e saíron acusados de varios delitos por participaren dunha protesta pacífica, o pasado 13 de febreiro, contra a presenza do ultradereitista Iván Espinosa de los Monteros na facultade de políticas do Campus de Somosaguas (UCM).

A acusación da policía ás nosas compañeiras é unha auténtica barbaridade: desordes públicas, coaccións e delito de odio! Todo isto

cando ese 13 de febreiro decenas de ultradereitistas, algúns deles vinculados aos neonazis de Desokupa, acudiron á facultade de políticas nunha actitude agresiva e hostil para realizaren un acto que previamente fora cancelado polas autoridades universitarias.

Estamos ante unha montaxe xudicial e policial para introducir o medo, non só entre o movemento estudantil, senón entre toda a clase traballadora, as mulleres, as migrantes o colectivo LGTBIQA+ e a esquerda combativa.

Asina o manifesto de solidariedade!



Esquerda Revolucionaria
Galiza

O mes de marzo, para sorpresa de ningún e indignación masiva, a Xunta do PP de Alfonso Rueda daba o visto e prace ambiental á macro celulosa de Altri. A resposta non se facía esperar. En 48 horas decenas de prazas galegas, especialmente os Concellos da cunca do Río Ulla, enchíanse de centos de veciños e veciñas convocadas pola Plataforma Ulloa Viva para mostraren o seu rexeitamento. Era a antesala da impresionante mobilización que o 22 de marzo colapsaba A Pobra do Caramiñal ao grito de Altri Non!

Nin o mal tempo, nin as alertas meteorolóxicas frearon os preto de 50.000 manifestantes que, desde primeira hora da mañá, comezamos a chegar, como tampouco frearon os centos de embarcacións que por terra e por mar asistiron convocadas pola Plataforma en Defensa da Ría de Arousa.

“Comunismo do s. XXI”, así a definía María Jesús Lorenzana, conselleira de Economía e Industria da Xunta, encargada oficial de deostar as maiores manifestacións na Galiza desde a catástrofe do Prestige no ano 2002. O papel do PP como axente comercial desta grande multinacional devastadora medioambiental é tan evidente que nin os centos de miles de euros investidos nos medios de comunicación afíns, nin os informes amañados a golpe de talón están a conseguir tapar o clamor social contra este macro proxecto destrutor, que sen dúbida se volverá a expresar na manifestación convocada para o próximo 1 de xuño en Pontevedra

Grandes empresas e portas xiratorias, os únicos beneficiarios deste macro proxecto

Hai xa moito que a propaganda atronadora de Altri e a Xunta foi esnaquizada. Hoxe sabemos que as emisións contaminantes superarían as conxuntas das oito principais celulosas de todo o Estado. Que os 2.500 postos de traballo directos prometidos quedaron en menos de 500. Que en lugar de xerar fibra “verde”, produciranse 400.000 toneladas anuais de pasta celulosa soluble. Que en lugar de empregar “madeira galega certificada”, impulsarán o monocultivo do eucalipto. Despois de espoliar os recursos naturais en Portugal, onde acumula varias sancións por contaminar o Tejo, Altri chega á Galiza da man do PP para facer máis do mesmo.

Planea utilizar 46 millóns de litros de auga diarios procedentes do río Ulla (equivalente á necesidade diaria da provincia de Lugo) dos cales, di, devolverá 30, xa contaminados polo proceso. Non mencionan como afectará á atmosfera a utilización de produtos químicos nin o impacto das propias obras de construción necesarias para pór a planta en funcionamento.

Miles de postos de traballo dedicados á agricultura e a gandería serán destruídos. Por non falar das mariscadoras da ría de Arousa, onde desembocará o Ulla xa contaminado. Ou dos traballadores de albergues e casas rurais cando os peregrinos deban aturar o fedor a xofre dunha fábrica situada a menos dun quilómetro do Camiño de Santiago.

Os beneficiarios deste proxecto non están entre a clase traballadora nin a mocidade galega, hai que procuralos nos consellos de administración de empresas e consellerías. Ao menos un terzo de toda

a produción da macro planta irá destinada á fabricación de *lyocell*, unha forma de viscosa cada vez máis utilizada na industria téxtil, que explica moi ben que o director xeral de finanzas do grupo Inditex fose un dos “expertos” que “recomendaron” á Xunta apostar polo proxecto.

Outros dos agraciados son os membros do consello de administración de Greenalia, socio de Altri no proxecto, en que participan un antigo conselleiro delegado de Inditex e antigos conselleiros do PP como Antonio Couceiro e Beatriz Mato, exconselleira de Medio Ambiente. Tamén se lucra polo seu papel como “asesora” de Altri a consultoría Acento, fundada polo exministro socialista Pepe Blanco e dirixida por Alfonso Alonso, do PP.

Desde que en febreiro de 2024 nos manifestamos en Palas de Rei máis de 20.000 persoas, o clamor popular contra este macroproxecto de celulosa non parou de medrar. Desde entón até a recente mobilización na Pobra do Caramiñal escoitouse o clamor popular contra Altri en campos de fútbol, teatros, concertos, concentracións en Concellos, no Rodea a Xunta e, sobre todo, na histórica manifestación do 15 de decembro que desbordou o Obradoiro en Compostela con máis de 100.000 manifestantes.

Temos a forza para derrubar os plans de Altri

A forza do movemento é real, faise notar na reacción histórica do PP deostando cada mobilización mais non só. Non é ningunha casualidade que a Xunta saíse publicamente a rectificar, dicindo que non dará fondos propios a Altri para o

seu proxecto galego. Tampouco o son os “xestos” hipócritas e o *marketing* de grandes empresas do téxtil, inspiradores intelectuais e potenciais clientes de Altri, como Bimba y Lola, que recentemente anunciaban a saída do seu Consello de Administración de José María Castellano, presidente de Greenalia e quen fora vicepresidente e Conselleiro delegado de Inditex.

Tampouco o son os contratos que Inditex anunciou con outras empresas de fibras téxtiles, sen agardar á instalación de Altri e tratando de marcar distancias con esta, obviando interesadamente o seu labor de “asesoramento” á Xunta para levar a cabo o proxecto.

Pola súa banda, o PSdG non tivo ningún pudor ao absterse na votación no Parlamento galego e, máis aló de dicir que “non lles gusta” o proxecto, non fixoo nada para evitalo. Agora, ante a presión social das multitudinarias protestas non lle quedou outra que mover ficha se non quere seguir perdendo apoios, e chamou a participar na manifestación da Pobra de Caramiñal.

Esta é a nosa forza e este é o camiño. Tras a autorización medioambiental da Xunta, o rexeitamento social segue sendo o principal problema para os plans do PP e a multinacional. A instalación da macro planta depende dunha inxección pública de 250 millóns de euros (un 25% do orzamento total) que esperan obter dos fondos europeos *Next Generation*, ademais da autorización e posterior investimento do Ministerio para a Transición Ecolóxica, para a creación dunha subestación eléctrica que abasteza de enerxía a fábrica.

O vitimismo lamentable de José Soares de Pina, CEO de Altri, dicindo que “queremos invertir máis de mil millones en Galicia, pero no nos recibe ningún ministro”, e facendo alusión á “fría resposta tras la contestación social gallega”, dan a medida do impacto da mobilización nas decisións políticas que o goberno de PSOE e Sumar terá que tomar nos próximos meses.

O feito é que o silencio do goberno central durante todo este tempo foi de escándalo, e cando se manifestou fixoo exclusivamente para reclamar “máis transparencia” e reduciilo todo a cuestións técnicas sobre a posibilidade ou non de que as subvencións europeas se concedan. Por iso, non vai depender da boa vontade política deste, senón da presión que sexamos capaces de crear nas rúas, o que fará posible que Altri non se instale na Galiza. Así o confirma a recente decisión do ministerio de industria de excluír a Altri como beneficiaria das axudas por descarbonización vinculadas aos fondos europeos, dentro das cales a multinacional pretendía conseguir 30 millóns de euros.

Todos estes meses, todas estas grandes mobilizacións e os seus efectos xa palpables son unha reafirmación máis de onde reside a nosa forza, do grande que é, e da necesidade de subir a intensidade, chegando á folga xeral se o proxecto non dá marcha atrás. Este é o camiño para botar á mutinacional, dar un duro golpe ao PP, que sexa o primeiro paso para botalos da Xunta, e lograr así unha enorme vitoria que acabe coa bestial destrución medioambiental. Temos a forza para deter este ataque e coa loita o ímolo conseguir.

Altri Non!

A forza dun movemento que non para de medrar

A terra, a auga e o noso futuro non están en venda



Contra a política do PP de acoso e derribo ao galego

EN DEFENSA DOS NOSOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Por primeira vez o galego é a lingua minoritaria na Galiza. A esa conclusión chegaba o Instituto Galego de Estatística (IGE) no seu último estudo sobre o coñecemento e o uso do galego en 2023. Unha situación de emerxencia que non cae do ceo, senón que é consecuencia directa da política lingüística destrutiva do PP na Xunta cuxo saldo é demoledor: a perda dun 20% de falantes en dúas décadas.

Para a dereita, que ve en toda diversidade, en todo sinal de identidade nacional e na propia riqueza cultural e lingüística un problema, non hai motivo de preocupación, ao revés. En palabras de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística do PP, "a situación sociolingüística da lingua en Galicia é dinámica e está en permanente evolución, mantendo un elevado coñecemento da lingua galega por parte dunha sociedade bilingüe que convive nos dous idiomas cooficiais nun territorio cun modelo que non xera conflitos".

Nada novo baixo o sol, manipulación marca PP, que atopaba pronto a súa resposta na multitudinaria manifestación que o 23 de febreiro ateigaba Santiago de Compostela en defensa do galego.

Destrución do ensino público e ataques ao galego, as dúas caras da mesma política

A política de desmantelamento do ensino público por parte do PP é dabondo coñecida e o seu resultado en 15 anos de Goberno é devastador. Desde 2008 o número de unidades funcionando na pública baixou, mentres as da privada avanzaron e hoxe supoñen xa o 25%. Entre 2008 e 2023 perdéronse 174 centros públicos, 103 dos cales corresponden en exclusiva á educación infantil, cebándose cos máis pequenos e co alumnado con necesidades específicas.

No período de Feijóo na Xunta eliminouse a gratuidade dos libros de texto, pecháronse 164 centros de ensino, elimináronse 841 profesores e reduciuse á metade o gasto en bolsas. Con Rueda a privatización e os recortes continúan, e as prioridades do PP tamén. O mesmo afán clasista, de recortes nas aulas dos fillos da clase traballadora, é o que está detrás do retroceso do uso e descoñecemento do galego entre a xente nova, en máximos históricos.

Os datos son rotundos: o 29,6% de residentes na Galiza fala sempre en castelán fronte ao 20,2% en 2008, o ano anterior á chegada do PP ao Goberno da Xunta. O 53,6% da poboación de entre 5 e 14 anos e o 43% da franxa de 15 a 29 afirma expresarse sempre en castelán: 24,1 e 17,6 puntos máis respectivamente que en 2008.

CONTINÚA NO INTERIOR ►

